



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN “EMILIA PARDO BAZÁN. O RETO DA MODERNIDADE” NA CIDADE DA CORUÑA EN 2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello da Coruña para posibilitar a itinerancia e exhibición da exposición “Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade” que terá lugar no Kiosko Alfonso, na cidade da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En 2021 celébrase o centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán, unha figura de relevancia nacional e internacional nas letras españolas e nos debates intelectuais do seu tempo.

Para conmemorar esta importante cita cultural en Galicia e España, a Xunta de Galicia participa na organización da exposición “Emilia Pardo Bazán. El reto de la modernidad”, unha importante mostra que conta coa participación da Biblioteca Nacional de España, Acción Cultural Española (AC/E), e Comunidad de Madrid, comisariada por Isabel Burdiel, catedrática de historia





contemporánea da Universidade de Valencia. Esta mostra será inaugurada o 20 de maio de 2021 na Sala Recoletos da BNE, e permanecerá aberta ao público ata o 29 de agosto.

Dada a relación de Emilia Pardo Bazán con Galicia e, especialmente coa Cidade da Coruña, onde naceu, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello de A Coruña teñen interese en que a mostra poida itinerar á cidade da Coruña unha vez rematada a súa estadía na Biblioteca Nacional de España.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrência.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

